

INFORME sobre a análise das alegacións presentadas ao proxecto de orde pola que se da publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional iniciou o proceso de elaboración do *proxecto de Orde pola que se da publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de Mestres, de Profesores de Ensinanza Secundaria, de Profesores Técnicos de Formación Profesional e de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.*

De acordo co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o dito proxecto expúxose publicamente no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia para información pública de xeito que a cidadanía en xeral e as entidades que así o considerasen puideran facer as alegacións que estimaran convenientes. Así mesmo, remitiuse un aviso por correo electrónico as tres universidades galegas informándolles desta exposición pública.

O período de información pública comprendeu dende o día 27 de marzo ata o 16 de abril de 2019, ambos incluídos, e segundo consta na certificación emitida pola directora de Área de Modernización das Administracións Públicas na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de data 29 de abril de 2019, presentáronse 559 alegacións.

Estas alegacións foron analizadas en oito grupos de traballo integrados por persoas expertas e concluíron coa realización dos informes correspondentes sobre a resolución das alegacións presentadas e que se publican no portal de internet da consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional así como no Portal de Transparencia e Goberno aberto, para coñecemento xeral.

Os informes elaborados polos respectivos grupos de traballo inclúen información sobre o tratamento da alegación e no caso de ser negativa indícase o motivo segundo a seguinte tipoloxía:

M1: Titulación de Licenciatura, Enxeñaría ou Arquitectura non incluída na Orde ECD/697/2017, de 24 de xullo, pola que se regula a formación de listas de persoas aspirantes a desempeñar en réxime de interinidade prazas dos corpos docentes contemplados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nas cidades de Ceuta e Melilla.

M2: Titulación de Grao non correspondente cunha titulación de Licenciatura, Enxeñaría ou Arquitectura, incluída na Orde ECD/697/2017, de 24 de xullo, pola que se regula a formación de listas de persoas



aspirantes a desempeñar en réxime de interinidade prazas dos corpos docentes contemplados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nas cidades de Ceuta e Melilla. (correspondencias na Guía do Sistema Universitario de Galicia).

M3: Titulación non incluída pola Comisión de Habilitacións do ensino privado como unha titulación que habilita para todas ou para a maioría das materias para as que ten atribuída competencia docente a especialidade do corpo correspondente. Todo iso de conformidade co establecido no Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, modificado polo Real decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.

M4: As ensinanzas conducentes á titulación alegada non engloban a totalidade dos obxectivos das materias para as que ten atribuída competencia docente a especialidade.

M5: As ensinanzas conducentes á titulación alegada non engloban todos os resultados de aprendizaxe dos módulos profesionais atribuídos á especialidade.

M6: Titulación non declarada equivalente para os efectos de docencia no Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes aos que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e se regula o réxime transitorio de ingreso ao que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei.

M7: Titulación non declarada habilitante para os efectos de docencia para impartir os módulos profesionais que conforman os títulos para os que ten atribución docente a especialidade.

M8: Outras consideracións.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

